

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 27 DE AGOSTO DE 2025

Ás 10.00 horas do día 27 de agosto de 2025, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión extraordinaria e urgente, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: Don Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

Don Rosendo Luís Fernández Fernández

Don Plácido Álvarez Dobaño

Don José Miguel Pérez Blecua

Don César Manuel Fernández Gil

Dona Ana Patricia Torres Madureira

Don José María Lago Cabo

Dona María Teresa Barge Bello

Dona Marta Novoa Iglesias

Don Jorge Pumar Tesouro

Don Manuel Seoane Rodríguez

Dona María del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

Don Álvaro Vila Araújo

Don Diego Fernández Nogueira

Dona Marina Vaz Quintillán

Dona Susana Rodríguez Estévez

Dona Sherezade Núñez Rodríguez

Don Xosé Carlos Valcárcel Doval

Deputados/as do Grupo do BNG:

Don Bernardo Varela López

Dona María José Mangana Guede

Don Xosé Manuel Puga González.

Deputados do Grupo de Democracia Ourensana:

Don Gonzalo Pérez Jácome

Don Rafael Martínez Cachafeiro

Secretario: don Adamantino Barreiro García

Interventora: dona Mónica Legaspi Díaz

O deputado do Grupo Socialista, don Emilio Luís Díaz Vidal, non asiste á sesión, escusando a súa ausencia.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal Vídeo Acta, no seguinte enlace: [ver vídeo acta](#)

1º.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN.-

O Sr. presidente explica o porqué da sesión extraordinaria e urxente deste Pleno da Corporación, explicación que está dispoñible no seguinte enlace: ver punto 1.

Non se producen intervencións e, co voto favorable dos membros presentes, o Pleno ratifica a urxencia desta sesión plenaria.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 1](#)

2º.- TOMA DE POSESIÓN DA DEPUTADA PROVINCIAL DONA SHEREZADE NÚÑEZ RODRÍGUEZ.-

O Sr. secretario manifesta que trala renuncia ao cargo de deputado provincial de don Aurentino Alonso Araújo (do grupo Socialista), de cuxa renuncia se deu conta ao Pleno na sesión do 24 de xullo de 2025, solicitóuselle á Xunta Electoral Central a emisión da credencial a quen lle correspondese substituílo. A dita Xunta Electoral emitiu a credencial a favor de dona Sherezade Núñez Rodríguez, quen presentou no rexistro correspondente, o 4 de agosto de 2025, as declaracións de bens e de intereses pertinentes, polo que non existe ningunha obxección legal para a súa toma de posesión, a cal debe efectuarse segundo a fórmula establecida no RD 707/1979, do 5 de abril, prestando xuramento ou promesa.

O Sr. presidente convida á deputada provincial electa, dona Sherezade Núñez Rodríguez, a que se achegue á mesa de presidencia para tomar posesión do seu cargo mediante a prestación de xuramento ou promesa en legal forma.

Dona Sherezade Núñez Rodríguez toma posesión do seu cargo, prometendo o seu desempeño nos seguintes termos: *prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente*

as obrigas do cargo de deputado provincial de Ourense, con lealdade a El Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

O Sr. presidente imponse a medalla corporativa ao Sra. Núñez Rodríguez, dándolle os parabéns pola súa toma de posesión. A Sra. Núñez Rodríguez incorpórase ao seu escano no Grupo Socialista.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2](#)

3º.- TOMA DE POSESIÓN DO DEPUTADO PROVINCIAL DON XOSÉ CARLOS VALCÁRCEL DOVAL.-

O Sr. secretario manifesta que trala renuncia ao cargo de deputada provincial de dona Elvira Lama Fernández (do grupo Socialista), de cuxa renuncia se deu conta ao Pleno na sesión do 24 de xullo de 2025, solicitóuselle á Xunta Electoral Central a emisión da credencial a quen lle correspondese substituíla. A dita Xunta Electoral emitiu a credencial a favor de don Xosé Carlos Valcárcel Doval, quen presentou no rexistro correspondente, o 4 de agosto de 2025, as declaracións de bens e de intereses pertinentes, polo que non existe ningunha obxección legal para a súa toma de posesión, a cal debe efectuarse segundo a fórmula establecida no RD 707/1979, do 5 de abril, prestando xuramento ou promesa.

O Sr. presidente convida ao deputado provincial electo, don Xosé Carlos Valcárcel Doval, a que se achegue á mesa de presidencia para tomar posesión do seu cargo mediante a prestación de xuramento ou promesa en legal forma.

Don Xosé Carlos Valcárcel Doval toma posesión do seu cargo, prometendo o seu desempeño nos seguintes termos: *xuro, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado provincial de Ourense, con lealdade a El Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.*

O Sr. presidente imponse a medalla corporativa ao Sr. Valcárcel Doval, dándolle os parabéns pola súa toma de posesión. O Sr. Valcárcel Doval incorpórase ao seu escano no Grupo Socialista.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2](#)

4º.- APROBACIÓN DA DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DA COMPETENCIA DE RECADACIÓN EN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DOS GASTOS DERIVADOS DE EXECUCIÓNS FORZOSAS E DO EXERCICIO DAS FACULTADES DE

RECADACIÓN EN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DAS MULTAS POR INFRACCIÓNS AO TEXTO REFUNDIDO DA LEI SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA, ASÍ COMO ÁS ORDENANZAS MUNICIPAIS DE CIRCULACIÓN DO CONCELLO DE ALLARIZ. (EXPTE. Nº 2025/18726T).

Primeiramente procédese a ratificar a inclusión deste punto na orde do día que é aprobada por unanimidade

D.^a Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia. A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable dos membros presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aceptar a delegación de competencias efectuada polo Concello de Allariz a favor da Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 3 de xullo de 2025, para recadación en voluntaria e en executiva, así como a revisión dos actos ditados dos seguintes ingresos de dereito público:

- Gastos derivados de execucións forzosas dos artigos 99 e 100 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas nas condicións recollidas no acordo de delegación do Concello de Allariz, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

- a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da recadación en vía voluntaria e en executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
- b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións da relación de debedores dos últimos catro anos para os efectos de poder iniciar a recadación en executiva, así como, en relación ás débedas anteriores aos últimos catro anos certificación de que as débedas non están prescritas e indicará as diferentes datas de notificación da débeda en executiva, en relación ao ingreso de dereito público ao que se refire.
- c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en voluntaria será a resultante de aplicarlles ás cantidades efectivamente recadadas de padróns, liquidacións, altas e outros ingresos non periódicos o tipo de gravame único do 5% e a taxa pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o

100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor, conforme co establecido no artigo 6, apartados a) e b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.

- d) A presente delegación entrará en vigor unha vez aceptada pola Deputación Provincial, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia para xeral coñecemento. A presente delegación estará vixente por un período de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos iguais de catro anos se ningunha das partes manifesta expresamente a súa vontade en contra, comunicándoo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á súa finalización ou á de calquera dos períodos de prórroga.

SEGUNDO.- Aceptar a delegación de competencias efectuada polo Concello de Allariz a favor da Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 3 de xullo de 2025, das facultades de recadación, en período voluntario e executivo, das débedas correspondentes a multas por infraccións do texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial e ás ordenanzas municipais de circulación impostas polo concello de Allariz, nas condicións recollidas no acordo de delegación do concello, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

- a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da recadación en vía voluntaria e en executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
- b) Sen prexuízo da colaboración na tramitación por parte da Deputación Provincial de Ourense, corresponde a incoación, instrución e resolución do procedemento sancionador aos órganos administrativos do concello de Allariz que teñan atribuídas ditas competencias dentro do concello.
- c) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións da relación de debedores dos últimos catro anos para os efectos de poder iniciar a recadación en executiva, así como, en relación ás débedas anteriores aos últimos catro anos certificación de que as débedas non están prescritas e

indicará as diferentes datas de notificación da débeda en executiva, en relación ao ingreso de dereito público ao que se refire.

- d) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en voluntaria será a resultante de aplicarles ás cantidades efectivamente recadadas de padróns, liquidacións, altas e outros ingresos non periódicos o tipo de gravame único do 5% e a taxa pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor, conforme co establecido no artigo 6, apartados a) e b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.
- e) A presente delegación entrará en vigor con efectos do día **1 de outubro de 2025**, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia para xeral coñecemento. A presente delegación estará vixente por un período de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos iguais de catro anos se ningunha das partes manifesta expresamente a súa vontade en contra, comunicándoo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á súa finalización ou á de calquera dos períodos de prórroga.

5º.- ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIA FORMULADA POLO CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO, SOLICITANDO A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO PARA EXECUCIÓN DO PROXECTO “RESIDENCIA PARA MAIORES EN VIDE”, NO TERMO MUNICIPAL DE CASTRELO DE MIÑO. (EXPTE. Nº 2025/19093E).

Primeiramente procédese a ratificar a inclusión deste punto na orde do día que é aprobada por unanimidade

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable dos membros presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Aceptar a delegación de competencia formulada polo Concello de Castrelo de Miño para a tramitación do expediente expropiatorio necesario para a execución do proxecto “Residencia para Maiores en Vide”, no termo municipal de Castrelo de Miño.

Segundo. Requirir ao Concello de Castrelo de Miño para que, mediante a sinatura dun convenio expropiatorio coa Deputación de Ourense, asuma as obrigas económicas derivadas da tramitación do citado expediente expropiatorio, incluído o pagamento do prezo xusto que se determine.

Terceiro. Dar conta deste acordo á Comisión Informativa competente por razón da materia.

6º.- AVOCACIÓN DE COMPETENCIA POLO PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA A APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO DO PROXECTO “RESIDENCIA PARA MAIORES EN VIDE – CASTRELO DE MIÑO” (USO DOTACIONAL U3, TRAMITACIÓN URBANÍSTICA CONFORME Á LEI DO SOLO DE GALICIA). (EXPTE. Nº 2025/19093E).

Primeiramente procédese a ratificar a inclusión deste punto na orde do día que é aprobada por unanimidade

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable dos membros presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Avocar para o Pleno da Deputación Provincial de Ourense a competencia delegada na Xunta de Goberno mediante acordo Plenario de 3 de agosto de 2023, para a aprobación inicial do expediente expropiatorio do proxecto “Residencia para Maiores en Vide – Castrelo de Miño”, competencia actualmente delegada na Xunta de Goberno, de conformidade co disposto no artigo 116 do ROF, e exclusivamente para este asunto e para esta fase procedimental.

2º) Aprobar inicialmente o proxecto de expropiación, con todos os documentos sinalados no artigo 118, parágrafo primeiro, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e concordantes do seu Regulamento, para a execución do proxecto “Residencia para Maiores en Vide”, no termo municipal de Castrelo de Miño, e deste xeito obter os terreos e demais dereitos incluídos no ámbito do devandito proxecto, reflectidos no cadro seguinte:

Nº PARC.	POL.	PARC.	REF. CATASTRAL	SUP. CAT. (m²)	USO	AFFECTADOS	DOMINIO
1	12	1	32023A012000010000HY	1.076 m2	AGRARIO	ALVAREZ POUSADA CANDIDA	TOTAL SUP. CAT.
2	12	2	32023A012000020000HG	463 m2	AGRARIO	POUSADA PEÑA CONCEPCION	TOTAL SUP. CAT
3	12	3	32023A012000030000HQ	541 m2	AGRARIO	PEREZ GONZALEZ JOSE ANTONIO	TOTAL SUP. CAT
4	12	4	32023A012000040000HP	476 m2	AGRARIO	PEÑA POUSADA ISAURA	TOTAL SUP. CAT
5	12	5	32023A012000050000HL	424 m2	AGRARIO	MATO SIERRA MANUEL	TOTAL SUP. CAT
6	12	6	32023A012000060000HT	595 m2	AGRARIO	PEÑA POUSADA JOAQUINA	TOTAL SUP. CAT
7	12	7	32023A012000070000HF	536 m2	AGRARIO	PEÑA POUSADA JOAQUINA	TOTAL SUP. CAT
8	12	8	32023A012000080000HM	916 m2	AGRARIO	ALVAREZ POUSADA SARA	TOTAL SUP. CAT
9	12	9	32023A012000090000HO	463 m2	AGRARIO	ALVAREZ POUSADA CANDIDA	TOTAL SUP. CAT
10	12	14	32023A012000140000HR	374 m2	AGRARIO	MATO SIERRA CORONA	TOTAL SUP. CAT
11	12	15	32023A012000150000HD	635 m2	AGRARIO	MATO ALBERTE BALBINA	TOTAL SUP. CAT
12	12	18	32023A012000180000HJ	242 m2	AGRARIO	MATO ALBERTE MANUELA	TOTAL SUP. CAT
13	12	233	32023A012002330000HF	438 m2	AGRARIO	POUSADA PEÑA ANTONIO	TOTAL SUP.

Nº PARC.	POL.	PARC.	REF. CATASTRAL	SUP. CAT. (m²)	USO	AFFECTADOS	DOMINIO
							CAT
14	12	239	32023A012002390000HX	367 m2	AGRARIO	MATO ALBERTE MAXIMINO	TOTAL SUP. CAT

3º) Expoñer o proxecto de expropiación ao público, de conformidade co previsto no artigo 118, parágrafo terceiro, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e concordantes do seu Regulamento, polo prazo dun mes para que aquelas persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que xulguen convenientes, en particular no que atinxe á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.

4º) Notificar individualmente as taxacións dos bens e dereitos afectados polo proxecto de expropiación aos seus titulares, de conformidade co previsto no artigo 118, parágrafo cuarto, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e concordantes do seu Regulamento, mediante traslado da correspondente folia de aprecio coa fixación dos criterios de valoración.

5º) Notificar esta resolución aos interesados e ordenar a súa publicación mediante inserción de anuncio no Diario Oficial de Galicia, nun diario de maior circulación na provincia e no taboleiro de anuncios do Concello afectado, ao abeiro do establecido no artigo 118, parágrafo terceiro, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia 6 concordantes do seu Regulamento.”

5º) Dar conta á comisión informativa competente por razón da materia.

7º) Devolver á Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense a competencia, xa delegada por acordo Plenario de 3 de agosto de 2023, para as restantes actuacións procedementais que lle correspondan conforme á delegación vixente.

7º.- EXPEDIENTE NÚMERO 8/2025 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DO ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, CONSISTENTE NA CONCESIÓN DUN SUPLEMENTO DE CRÉDITO, FINANCIADO POLA BAIXA POR ANULACIÓN DUN CRÉDITO ORZAMENTARIO. (EXPTE. Nº 2025/19438E).

Primeiramente procédese a ratificar a inclusión deste punto na orde do día que é aprobada por unanimidade

D.^a Marta Novoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (12) e Democracia Ourensana (3), e a abstención do Grupo Socialista (6) e do BNG (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente número 8/2025 de modificación de créditos do Orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense, consistente na concesión dun suplemento de crédito, financiado pola baixa por anulación dun crédito orzamentario, co seguinte contido:

O detalle da modificación orzamentaria cualitativa proposta é a seguinte:

Suplementos de créditos:

Suplementos de crédito			
33420	22001	Actividades culturais e recreativas. Prensa, revistas e libros	350.000,00 €
Total suplementos de créditos			350.000,00 €

Baixas por anulación:

Baixas por anulación			
33420	48901	Actividades culturais e recreativas. Plan provincial de lectura	350.000,00 €
Total baixa por anulación			350.000,00€

A presente modificación, que está estruturada e adaptada ao previsto na Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro de 2008 pola que se aproba a estrutura dos orzamentos as Entidades Locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo se eleva a **350.000,00 euros**, finánciase mediante baixa por anulación de outra aplicación orzamentaria, e **non implica un cambio cuantitativo** no orzamento vixente da Entidade.

A vista da proposta formulada polo presidente da entidade e dos fundamentos xurídicos expostos, e en virtude das facultades recollidas no artigo 4.1 do RD 128/2018:

Infórmase favorablemente a modificación número 8/2025 do orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense consistente na concesión dun suplemento de crédito do Orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense, financiado mediante a baixa por anulación de outro crédito orzamentario cuxa dotación estímase anulable sen que perturbe o servizo.

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

8º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dentro deste punto da orde do día inclúese o debate sobre a situación dos lumes na provincia de Ourense.

O Sr. presidente explica, antes do comezo do debate, as normas que se van seguir nel. Faranse dúas quendas por cada grupo político, comezando polo de maior representatividade e continuando de maior a menor representatividade. A primeira quenda terá un tempo de 16 minutos e a segunda quenda de 8 minutos e haberá unha quenda de peche por parte da Presidencia.

Seguidamente comeza o debate que está dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8](#).

E, ás 12.11 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.

DILIXENCIA:

De acordo coa normativa aplicable, artigo 109 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), e artigo 2 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, **a presente acta esténdese en documento electrónico e incorporando o arquivo audiovisual da sesión, mediante o sistema de vídeo acta.**

A acta consigna os seguintes extremos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con

expresión dos seus cargos, e os membros que se escusaron, orde do día, contido dos acordos alcanzados, no seu caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros. Ademais do anterior, a acta incorpora o arquivo audiovisual da gravación da sesión, contendo a literalidade das intervencións, así como a sinatura electrónica da persoa que ostenta a Secretaría do pleno, que dota de fe pública e efectos de dereito ao documento, e da persoa que exerce a Presidencia.

Para os efectos do previsto no artigo 2.4 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, e artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), **por medio deste escrito CERTIFICO a autenticidade e integridade do ficheiro da gravación contido na presente acta.**

PEGADA DIXITAL VÍDEO

<iframe width="560" height="315"

src="https://videoacta.depourense.gal/vod/Plenos/2025/08/27/Sesion_Plenaria_27-08-2025/video_202508270959000000_FH.mp4" frameborder="0" allow="accelerometer; autoplay; encrypted-media; gyroscope; picture-in-picture" allowfullscreen></iframe>